


Área / Unidada ALCALDIA LAB.	Documento 00015I00LG	
Código de verificación  5Z27 4Y2C 3B2B 3T3F 0E5D	Expediente 000/2021/115	
	Fecha 08-10-2021	

**O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

### **ALCALDÍA**

**Expte. 000/2021/115**

**Declaración de urxencia para a tramitación nos expedientes EDUSI para a súa execución prioritaria.**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Acordar que, para todos os expedientes de contratación da EDUSI de A Coruña (EidusCoruña) cuxa competencia corresponda a esta Xunta de Goberno, sempre que a vixencia da operación aprobada así o aconselle, tomado en consideración que os proxectos incluídos na EDUSI han de atoparse finalizados (por tanto, abonadas as súas correspondentes facturas) en data 31 de decembro de 2023 (N+3), prevéxase a tramitación urxente dos mesmos, permitida polo artigo 119.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre que concorran as circunstancias sinaladas no precepto citado e incluíndo, en todo caso, a motivación individualizada para cada expediente, do seu carácter inaprazable e a xustificación axeitada da necesidade de acelerar no posible a adxudicación do mesmo de acordo coas circunstancias que, en cada expediente concreto, concorran.

**E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Oficial Maior, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.**

**Confrontado e conforme, o Oficial Maior**

**O Concelleiro-secretario**